



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 273 · Martes, 29 novembro 2022

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

- Aprobación definitiva do expediente núm. 7/2022 de modificación das bases de execución do orzamento xeral para o exercicio 2022..... 2
- Acordo da Xunta de Goberno polo que se establecen os prezos públicos das entradas ao parque de atraccións "Pazolandia" para o Nadal de 2022..... 2

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

##### Allariz

- Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 5/2022..... 3
- Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 6/2022..... 3

##### Padrenda

- Convocatoria e bases reguladoras do proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso e por concurso - oposición dentro do marco xeral de execución da oferta pública de emprego extraordinaria..... 4

##### Peroxa (A)

- Convocatoria para a elección de xuíz de paz titular..... 31

##### Quintela de Leirado

- Resolución da Alcaldía pola que se aproban as bases e a convocatoria excepcional no marco do proceso de estabilización de emprego temporal por concurso para cubrir varias prazas..... 31
- Resolución da Alcaldía pola que se aproban as bases e a convocatoria excepcional no marco do proceso de estabilización de emprego temporal por concurso-oposición para cubrir unha praza de auxiliar administrativo ..... 32

##### Ribadavia

- Exposición pública da aprobación inicial da modificación do Regulamento orgánico da Corporación de Ribadavia e da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de vehículos de tracción mecánica..... 33
- Resolución de nomeamento de funcionario/a interino/a..... 33

##### Vilar de Barrio

- Aprobación definitiva dun expediente de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería..... 34

#### VI. ANUNCIOS DE PARTICULARES E OUTROS

##### Comunidade de Usuarios de Augas de Muimenta

- Convocatoria para Xunta Xeral..... 35

##### Asociación Tribunal Arbitral para a Industria e Construción

- Notificación ao demandado do laudo recaído no procedemento arbitral 41/22..... 35

##### Comunidade de Usuarios de Augas de Solbeira

- Exposición pública das ordenanzas e regulamentos da comunidade..... 36

#### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

- Aprobación definitiva del expediente núm. 7/2022 de modificación de las bases de ejecución del presupuesto general para el ejercicio 2022..... 2
- Acuerdo de la Junta de Gobierno por el que se establecen los precios públicos de las entradas al parque de atracciones "Pazolandia" para la Navidad de 2022..... 2

#### IV. ENTIDADES LOCALES

##### Allariz

- Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos núm. 5/2022..... 3
- Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos núm. 6/2022..... 3

##### Padrenda

- Convocatoria e bases reguladoras del proceso de selección de personal laboral fijo, mediante procedimiento de estabilización de empleo temporal por concurso y por concurso - oposición dentro del marco general de ejecución de la oferta pública de empleo extraordinaria..... 17

##### Peroxa (A)

- Convocatoria para la elección de juez de paz titular..... 31

##### Quintela de Leirado

- Resolución de la Alcaldía por la que se aprueban las bases y la convocatoria excepcional en el marco del proceso de estabilización de empleo temporal por concurso para cubrir varias plazas..... 32
- Resolución de la Alcaldía por la que se aprueban las bases y la convocatoria excepcional en el marco del proceso de estabilización de empleo temporal por concurso-oposición para cubrir una plaza de auxiliar administrativo..... 33

##### Ribadavia

- Exposición pública de la aprobación inicial de la modificación del Reglamento Orgánico de la Corporación de Ribadavia y de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto de Vehículos de Tracción Mecánica..... 33
- Resolución de nombramiento de funcionario/a interino/a..... 34

##### Vilar de Barrio

- Aprobación definitiva de un expediente de suplemento de crédito financiado con cargo al remanente líquido de Tesorería..... 35

#### VI. ANUNCIOS DE PARTICULARES Y OTROS

##### Comunidad de Usuarios de Aguas de Muimenta

- Convocatoria para Junta General ..... 35

##### Asociación Tribunal Arbitral para la Industria y Construcción

- Notificación al demandado del laudo recaído en el procedimiento arbitral 41/22..... 36

##### Comunidad de Usuarios de Aguas de Solbeira

- Exposición pública de las ordenanzas y reglamentos de la comunidad..... 36



## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

#### Servizo de Intervención

O Pleno da Corporación Provincial, na sesión ordinaria do día 28 de outubro de 2022, acordou aprobar o expediente número 7/2022 de modificación das bases de execución do orzamento vixente e que non implica un cambio cuantitativo no orzamento da Deputación Provincial de Ourense.

Unha vez transcorrido o prazo de exposición ao público sen que se presentasen reclamacións, o devandito expediente enténdese aprobado definitivamente, de conformidade co artigo 169.1, en relación co artigo 177.2, ambos da Lei reguladora das facendas locais, cuxo texto refundido se aprobou polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Esta modificación non implica un cambio cuantitativo do orzamento, polo que non se publica o estado de ingresos e gastos resumido por capítulos.

Ourense, 25 de novembro de 2022. O deputado delegado de Economía e Facenda.

Asdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

#### *Diputación Provincial de Ourense*

##### *Servicio de Intervención*

*El Pleno de la Corporación Provincial, en la sesión ordinaria del día 28 de octubre de 2022, acordó aprobar el expediente número 7/2022 de modificación de las bases de ejecución del presupuesto vigente y que no implica un cambio cuantitativo en el presupuesto de la Diputación Provincial de Ourense.*

*Una vez transcurrido el plazo de exposición al público sin que se hubiesen presentado reclamaciones, el citado expediente se entiende aprobado definitivamente, de conformidad con el artículo 169.1, en relación con el artículo 177.2, ambos de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, cuyo texto refundido fue aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

*Esta modificación no implica un cambio cuantitativo del presupuesto, por lo que no se publica el estado de ingresos y gastos resumido por capítulos.*

*Ourense, 25 de noviembre de 2022. El diputado delegado de Economía y Hacienda.*

*Fdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.*

**R. 2.888**

#### **Deputación Provincial de Ourense**

##### **Servizo de Deportes**

Publícase, para xeral coñecemento, que a Xunta de Goberno da Deputación de Ourense, na súa sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2022, por delegación de competencia do Pleno da Corporación Provincial (BOP núm. 171, do 27 de xullo de 2019), adoptou o seguinte acordo relativo á fixación do importe dos prezos públicos das entradas ao parque de atraccións “Pazolandia”:

“Primeiro. Establecer o importe dos prezos públicos das entradas ao parque de atraccións “Pazolandia”, prevista para as datas do Nadal de 2022, nas instalacións do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, entre o 26 de decembro de 2022 e o 4 de xaneiro de 2023, de conformidade co seguinte cadro:

Concepto; Prezo (€) (IVE incluído)

Público en xeral; 5,00 euros

Grupos en viaxes promovidos polos concellos da provincia; 4,00 euros

Segundo. Nos restantes aspectos non previstos neste acordo, estarase ao disposto na Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes “Paco Paz”. (BOP núm. 171, do 27 de xullo de 2018).

Terceiro. Publicar o acordo de establecemento do importe dos prezos públicos das entradas ao parque de atraccións “Pazolandia” no Boletín Oficial da Provincia, que entrará en vigor a partir do día seguinte ao da devandita publicación”.

As persoas interesadas infórmaselles de que contra a dita resolución poderán interpoñer un recurso de reposición, previo ao contencioso - administrativo, ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, ou, alternativamente e de forma directa, un recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Ourense (ou outro que resultase territorialmente competente en aplicación das regras establecidas no artigo 14 de la Lei reguladora da xurisdición contencioso - administrativa), no prazo de dous meses. En ningún caso poderán simultanearse ambos os dous recursos. Os prazos computaranse de data a data a partir do día seguinte ao da recepción desta notificación e vencerán no día equivalente do mes natural seguinte ou, de non existir este, no último día do dito mes. No caso de que o día de vencemento sexa inhábil, entenderase prorrogado o dito prazo ao primeiro día hábil seguinte. Durante o mes de agosto non correrá o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo, salvo para o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais no que o mes de agosto terá carácter de hábil. En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que estime procedente.

Ourense, 23 de novembro de 2022. O presidente.

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.

#### *Diputación Provincial de Ourense*

##### *Servicio de Deportes*

*Se publica, para general conocimiento, que la Junta de Gobierno de la Diputación de Ourense, en su sesión ordinaria del día 21 de noviembre de 2022, por delegación de competencia del Pleno de la Corporación Provincial (BOP núm. 171, de 27 de julio de 2019), adoptó el siguiente acuerdo relativo a la fijación del importe de los precios públicos de las entradas al parque de atracciones “Pazolandia”:*

*“Primero. Establecer el importe de los precios públicos de las entradas al parque de atracciones “Pazolandia”, prevista para las fechas de la Navidad de 2022, en las instalaciones del Pazo de los Deportes “Paco Paz”, entre el 26 de diciembre de 2022 y el 4 de enero de 2023, de conformidad con el siguiente cuadro:*

*Concepto; Precio (€) (IVA incluido)*

*Público en general; 5,00 euros*

*Grupos en viajes promovidos por los ayuntamientos de la provincia; 4,00 euros*

*Segundo. En los restantes aspectos no previstos en este acuerdo, se estará a lo dispuesto en la Ordenanza Reguladora de los Precios Públicos por la Prestación de Servicios y la Realización de Actividades en el Pazo dos Deportes “Paco Paz”. (BOP núm. 171, de 27 de julio de 2018).*



Tercero. Publicar el acuerdo de establecimiento del importe de los precios públicos de las entradas al parque de atracciones "Pazolândia" en el Boletín Oficial de la Provincia, que entrará en vigor a partir del día siguiente al de la citada publicación".

A las personas interesadas se les informa de que contra dicha resolución podrán interponer un recurso de reposición, previo al contencioso - administrativo, ante el mismo órgano que la dictó en el plazo de un mes, o, alternativamente y de forma directa, un recurso contencioso - administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso - Administrativo de Ourense (u otro que resultase territorialmente competente en aplicación de las reglas establecidas en el artículo 14 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso - Administrativa), en el plazo de dos meses. En ningún caso podrán simultanearse ambos recursos.

Los plazos se computarán de fecha a fecha a partir del día siguiente al de la recepción de esta notificación y vencerán en el día equivalente del mes natural siguiente o, de no existir este, en el último día de dicho mes. En caso de que el día de vencimiento sea inhábil, se entenderá prorrogado dicho plazo al primer día hábil siguiente. Durante el mes de agosto no correrá el plazo para interponer el recurso contencioso-administrativo, salvo para el procedimiento para la protección de los derechos fundamentales en el que el mes de agosto tendrá carácter de hábil. En todo caso, podrá interponer cualquier otro recurso o acción administrativa o judicial que estime procedente.

Ourense, 23 de noviembre de 2022. El presidente.

Fdo.: José Manuel Baltar Blanco.

R. 2.859

#### IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

##### Allariz

O Pleno do Concello de Allariz, na sesión ordinaria realizada o día 25 de novembro de 2022, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria, baixo a modalidade de suplemento de crédito, núm. 5/2022, financiada con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais por un importe de 160.500,00 €.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, contado desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no BOP.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as reclamacións que se estimen pertinentes, as cales deberán dirixirse á alcaldesa deste concello.

Se logo de transcorrer o devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o citado acordo.

Allariz, na data da sinatura electrónica. A alcaldesa.

Asdo.: María Cristina Cid Fernández.

El Pleno del Ayuntamiento de Allariz, en la sesión ordinaria celebrada el día 25 de noviembre de 2022, acordó la aprobación inicial del expediente de modificación presupuestaria, bajo la modalidad de suplemento de crédito, núm. 5/2022, financiada con cargo al remanente líquido de tesorería para gastos generales por un importe de 160.500,00 €.

En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 169.1, por remisión del 177.2 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se somete a información pública por el plazo de quince días, contado desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP.

Durante dicho plazo podrá ser examinado por cualquier persona interesada en las dependencias municipales para que se formulen las reclamaciones que se estimen pertinentes, las cuales se deberán dirigir a la alcaldesa de este Ayuntamiento.

Si una vez transcurrido dicho plazo no se hubiesen presentado reclamaciones, se considerará aprobado definitivamente dicho acuerdo.

Allariz, en la fecha de la firma electrónica. La alcaldesa.

Fdo.: María Cristina Cid Fernández.

R. 2.872

##### Allariz

O Pleno do Concello de Allariz, na sesión ordinaria realizada o día 25 de novembro de 2022, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria, núm. 6/2022, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, por un importe de 30.000,00 €.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as reclamacións que se estimen pertinentes, as cales deberán dirixirse á alcaldesa deste concello.

Se logo de transcorrer o devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o citado acordo.

Allariz, na data da sinatura electrónica. A alcaldesa.

Asdo.: María Cristina Cid Fernández.

El Pleno del Ayuntamiento de Allariz, en la sesión ordinaria celebrada el día 25 de noviembre de 2022, acordó la aprobación inicial del expediente de modificación presupuestaria, núm. 6/2022, bajo la modalidad de transferencia de crédito entre aplicaciones de gastos de distinta área de gasto, por un importe de 30.000,00 €.

En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 169.1, por remisión del 177.2 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se somete a información pública por el plazo de quince días, contado desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP.

Durante dicho plazo podrá ser examinado por cualquier persona interesada en las dependencias municipales para que se formulen las reclamaciones que se estimen pertinentes, las cuales se deberán dirigir a la alcaldesa de este Ayuntamiento.

Si una vez transcurrido dicho plazo no se hubiesen presentado reclamaciones, se considerará aprobado definitivamente dicho acuerdo.

Allariz, en la fecha de la firma electrónica. La alcaldesa.

Fdo.: María Cristina Cid Fernández.

R. 2.876



## Padrenda

Expediente núm.: 675/2022

Bases que han de rexer a convocatoria e o proceso de estabilización

Procedemento: seleccións de persoal e provisións de postos

Data de iniciación: 30/10/2022

Bases que han de rexer o proceso de estabilización de emprego temporal no Concello de Padrenda

Primeira. Obxecto da convocatoria

É obxecto destas bases a regulación dos aspectos comúns para a convocatoria e o proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso e concurso - oposición dentro do marco xeral de execución da oferta pública de emprego extraordinaria, aprobada pola Resolución da Alcaldía núm. 2022-0445, do día 15/05/2022 -expediente 269/2022-, e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 114 do día 20/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia núm. 98, do día 23/05/2022.

As prazas que se convocan son as seguintes:

Persoal laboral		
Denominación	Vacantes	Forma acceso
Auxiliar Intervención	1	Concurso. Disposición adicional 6ª Lei 20/2021
Fontaneiro	1	Concurso. Disposición adicional 6ª Lei 20/2021
Limpador/a Centro de Saúde da Notaria	1	Concurso. Disposición adicional 6ª Lei 20/2021
Limpador/a centros	1	Concurso. Disposición adicional 6ª Lei 20/2021
Auxiliar de axuda a domicilio a xornada completa	5	4 prazas concurso. Disposición adicional 6ª Lei 20/2021 1 praza concurso - oposición art. 2 lei 20/2021
Auxiliar de axuda a domicilio a media xornada	4	2 prazas concurso. Disposición adicional 6ª Lei 20/2021 2 prazas concurso - oposición art. 2 lei 20/2021

As características concretas de cada unha desas prazas son as seguintes:

Auxiliar de intervención	
Número de prazas	1
Réxime	Persoal laboral
Grupo	5
Xornada	Tempo completo, de luns a venres
Retribución bruta anual	A que figura no anexo do cadro de persoal no orzamento de Padrenda para 2022
Titulación esixible	Formación Profesional 2º grado, rama de Administrativo
Funcións para desempeñar	Auxilio a Secretaría - Intervención e Tesourería, incluíndo atención telefónica e presencial. Escaneado de documentos e realización de fotocopias. Apoio á Secretaría - Intervención no exercicio das súas funcións; en concreto, nos aspectos da contabilidade financeira e orzamentaria, tramitación de facturas, pago de nóminas, desenvolvemento da xestión orzamentaria, modificacións do orzamento, remisión de información económico - financeira e confección de listaxes para a realización deses informes. Con carácter xeral, as recollidas no artigo 169. 1 b) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.
Sistema selectivo	Concurso
Data desde que está cuberta temporal e ininterrompidamente	28/07/2003



Fontaneiro/a	
Número de prazas	1
Réxime	Persoal laboral
Grupo	10
Xornada	Tempo completo, de luns a venres
Retribución bruta anual	A que figura no anexo do cadro de persoal no orzamento de Padrenda para 2022
Titulación esixible	Sen requirimento
Funcións para desempeñar	Mantemento dos sistemas de saneamento e abastecemento municipais, incluíndo a súa ampliación e control de fugas. Lectura de contadores Cloración de augas Determinación de pH, turbidez, cloro residual..., nos depósitos de auga e fontes públicas. Instalación/retirada de contadores Control do estado dos depósitos Realización de obras de todo tipo no ámbito do abastecemento e saneamento Calquera outra actuación relativa ás redes de abastecemento e saneamento, a súa ampliación e mantemento, que non se mencionou máis arriba
Sistema selectivo	Concurso
Data desde que está cuberta temporal e ininterrompidamente	01/07/2003

Limpador/a Centro de Saúde da Notaria	
Número de prazas	1
Réxime	Persoal laboral
Grupo	10
Xornada	Media xornada, de luns a venres, de 16:00 a 20:00 horas
Retribución bruta anual	A que figura no anexo do cadro de persoal no orzamento de Padrenda para 2022
Titulación esixible	Sen requirimento
Funcións para desempeñar	Realización de labores de limpeza e aseado do interior do Centro de Saúde da Notaria, incluíndo chans, lavabos, cuncas hixiénicas, cristais, mesas, cadeiras, etc. Limpeza e aseo do acceso do centro de saúde. Baleirado de papeleiras e colectores de produtos non biolóxicos nos lugares adaptados para iso.
Sistema selectivo	Concurso
Data desde que está cuberta temporal e ininterrompidamente	07/04/2007

Limpador/a de centros	
Número de prazas	1
Réxime	Persoal laboral
Grupo	10
Xornada	60 % xornada, de luns a venres, de 16:00 a 21:00 horas. Centro de Saúde de San Roque, de 16:00 a 18:00. Casa consistorial, de 18:00 a 20:00 Velorio municipal, de 20:00 a 21:00
Retribución bruta anual	A que figura no anexo do cadro de persoal no orzamento de Padrenda para 2022
Titulación esixible	Sen requirimento
Funcións para desempeñar	Realización de labores de limpeza e aseado do interior dos inmobles, incluíndo chans, lavabos, cuncas hixiénicas, cristais, mesas, cadeiras, etc. Limpeza e aseo do acceso dos inmobles. Baleirado de papeleiras e colectores de produtos non biolóxicos nos lugares adaptados para iso.
Sistema selectivo	Concurso
Data desde que está cuberta temporal e ininterrompidamente	01/10/2014





Auxiliar de axuda a domicilio	
Número de prazas	9
Réxime	Persoal laboral
Grupo	10
Xornada	De luns a domingo, incluídos festivos, cos descansos que legalmente procedan, para garantir as necesidades dos usuarios. 4 prazas por concurso a xornada completa 2 prazas por concurso a media xornada 1 praza por concurso - oposición a xornada completa 2 prazas por concurso - oposición a media xornada
Retribución bruta anual	A que figura no anexo do cadro de persoal no orzamento de Padrenda para 2022
Titulación esixible	Título de técnico/a en coidados auxiliares de enfermería, establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a auxiliar clínica, técnico/a auxiliar psiquiatría e técnico auxiliar de enfermería que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.  Título de técnico/o en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais. Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou no seu caso calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais. O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real decreto 331/1997, do 7 de marzo, ou no seu caso calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
Funcións para desempeñar	As previstas no art. 4 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar, aprobada polo Pleno o 13/12/2013 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 55, do 8 de marzo de 2014
Sistema selectivo	Concurso: 4 a xornada completa 2 a media xornada Concurso - oposición: 1 a xornada completa 2 a media xornada
Data desde que está cuberta temporal e ininterrompidamente	16/12/2005 16/05/2007 16/07/2007 01/02/2009 11/01/2011 16/07/2011 16/07/2011 10/11/2011 16/12/2015 01/06/2016

## Segunda. Condicións de admisión de aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro:

### a) Nacionalidade:

a.1) Ter nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación dos traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

a.4) Ademais das persoas sinaladas nos parágrafos anteriores, poderán acceder a ela os estranxeiros/as que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

b) Idade: ter cumpridos 16 anos e non alcanzar a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

d) Habilitación: non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

### e) Titulación:

- Posto de auxiliar de Intervención: estar en posesión do título de Formación Profesional de 2º grao na rama de Técnico Administrativo Comercial ou similar.
- Posto de fontaneiro/a: non se require
- Postos de limpadores/as: non se require
- Postos de auxiliar de axuda a domicilio, estar en posesión dalgún dos seguintes:
  - Título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermería, establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a auxiliar clínica, técnico/a auxiliar Psiquiatría e técnico auxiliar de Enfermería que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril ou, no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
  - Título de técnico/o en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, de 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
  - Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, ou no seu caso calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
  - O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio, regulado no Real Decreto 331/1997, de 7 de marzo, ou no seu caso calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

f) Os/as aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados/as, con grao igual ou superior ao 33 %, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición, xunto coa acreditación da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes. A dita certificación deberá achegarse coa solicitude.

g) Para as prazas de auxiliar de axuda a domicilio é requisito imprescindible estar en posesión do carné de conducir tipo B ou garantir a dispoñibilidade de vehículo que permita o seu desprazamento ao domicilio do/da beneficiario/a de o servizo.

h) Acreditación do coñecemento da lingua galega, de acordo co establecido no art. 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia a un nivel non inferior a Celga 2 ou equivalente homologado.

Se non se pode acreditar este requisito, poderá acceder ao proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega.



i) A participación no proceso selectivo implica que se aceptan integramente as presentes bases polas que se rexerá a convocatoria.

#### Terceira. Forma e prazo de presentación de instancias

As solicitudes (anexo I), polas que se requira tomar parte no proceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiráselle ao alcalde do Concello, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Padrenda (de 9.00 a 14.00 horas de días laborables), no Rexistro Electrónico Xeral deste concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

No suposto de non presentar a solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Padrenda ou a través da súa sede electrónica, deberá anunciarse a presentación por calquera outro medio no mesmo día en que se realice, mediante remisión ao correo [secretaria@concellodepadrenda.com](mailto:secretaria@concellodepadrenda.com) da instancia presentada e o seu correspondente xustificante de presentación.

As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste concello [<http://padrenda.sedelectronica.es>], e inserirase un extracto da convocatoria tanto no Boletín Oficial do Estado como no taboleiro de edictos do Concello.

Os aspirantes con discapacidade farano constar na súa solicitude, declararán que reúnen as condicións esixidas pola normativa aplicable e indicarán as adaptacións de tempo e medios necesarios para asegurar a súa participación en igualdade de condicións que os demais aspirantes. Á súa solicitude achegará o certificado de discapacidade onde se acrediten as deficiencias permanentes que deron lugar ao grao de discapacidade recoñecido, para que posteriormente o Tribunal valore a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Unha vez analizadas as necesidades específicas de cada un/unha dos/as aspirantes, o Tribunal adoptará as medidas necesarias de adaptacións de tempo e medios que serán publicadas na sede electrónica deste concello (<https://padrenda.sedelectronica.es>).

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais, publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

#### Cuarta. Admisión de aspirantes

Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo dun mes, na que declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste concello [<http://padrenda.sedelectronica.es>] e no taboleiro de anuncios do Concello, sinalarase un prazo de dez días hábiles para formular alegacións ou emendar os defectos que motivase a exclusión. O prazo de resolución de alegacións será de tres días hábiles e, logo de transcorrer este, poderá considerarse desestimada a alegación.

Unha vez transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste concello [<http://padrenda.sedelectronica.es>] e no taboleiro de anuncios. Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal e o día, hora e lugar en que procederá a valoración do concurso e a data da realización da proba de oposición en caso das prazas afectadas a este sistema.

Os sucesivos chamamentos e convocatorias e, en definitiva, calquera decisión que adopte o Tribunal e que deba coñecer o persoal aspirante ata a finalización do concurso ou, no seu caso, a realización de entrevista, expoñerase na sede electrónica deste concello [<http://padrenda.sedelectronica.es>] e no taboleiro de anuncios, bastando a dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

#### Quinta. Tribunal Cualificador

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual, non poderán formar parte dos órganos de selección. Tampouco poderán formar parte do Tribunal as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os tribunais cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario con voz, pero sen dereito a voto.
- Vogais que determine a convocatoria.



Cada membro do Tribunal terá o seu suplente. Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación que a esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, se que se poida ostentar esta en representación ou por conta de ninguén.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, que se limitarán a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. Igualmente, poderán requirir a asistencia de colaboradores que actuarán sen voz nin voto durante o proceso de selección para realizar tarefas de apoio ao órgano de selección e baixo as instrucións directas deste.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sexta. Sistemas de selección e desenvolvemento dos procesos

Auxiliar de Intervención

O sistema selectivo será o de concurso de valoración de méritos, en virtude do disposto na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público. A puntuación máxima total establécese en 20 puntos.

1) Experiencia profesional: puntuación máxima: 12 puntos

A) Por cada mes de traballo na categoría de auxiliar administrativo de Secretaría - Intervención e Tesourería na Administración local como persoal laboral temporal, funcionario interino ou persoal indefinido non fixo: 0,10 puntos/mes. Valoraranse só os meses completos.

B) Por cada mes de traballo na categoría de auxiliar administrativo de Secretaría - Intervención e Tesourería, noutra administración pública como persoal laboral temporal, funcionario interino ou persoal indefinido non fixo: 0,05 puntos/mes. Valoraranse só os meses completos.

Os servizos prestados en xornada a tempo parcial valoraranse proporcionalmente, desprezándose as fraccións de tempo inferiores a un mes. Por isto, computaranse os días cotizados polos aspirantes na Seguridade Social e consideraranse un mes completo como trinta días cotizados, á hora de realizar a puntuación dos meses traballados.

A experiencia profesional na Administración local ou noutra administración pública acreditarase mediante presentación do modelo oficial de vida laboral actualizada e orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo ou certificado do concello ou administración pública. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2) Formación: puntuación máxima: 6 puntos

Valoraranse a formación nas materias relacionadas coas funcións propias do posto de traballo ao que se aspira, sempre que os cursos fosen impartidos por unha administración pública, un centro oficial de formación, universidades ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua, e segundo o establecido no seguinte baremo:

a) Por cada curso con duración igual ou superior a 50 horas lectivas: 1,50 puntos.

b) Por cada curso con duración igual ou superior a 30 horas lectivas: 1,00 puntos.

c) Por cada curso con duración igual ou superior a 15 horas lectivas: 0,50 puntos.

Os cursos que veñan cuantificados por créditos deberán especificar as horas que correspondan a cada crédito. Na súa falta, o Tribunal cuantificará en 10 horas cada crédito. Non se valorarán neste apartado os cursos sobre coñecemento de idioma galego.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración, os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutoramento, os derivados de procesos selectivos e os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

3) Entrevista curricular: puntuación máxima: 2 puntos

Aos/ás aspirantes realizaráselles unha entrevista persoal como proba complementaria de carácter curricular e para os efectos de determinar a aptitude do/da aspirante en relación ao posto de traballo que se oferta. O obxecto é determinar a competencia laboral para o posto, o interese do aspirante, verificación da súa vida laboral, comportamento na entrevista, perfil e se os coñecementos adquiridos previamente se adaptan ás funcións para realizar. Formación no Tribunal dunha impresión persoal e profesional do/da aspirante.

No suposto de non acreditación do Celga 2, a entrevista poderá desenvolverse integramente en galego, co fin de comprobar o nivel de entendemento e expresión no idioma. A entrevista podería non chegar a se realizar se unicamente existe un/unha aspirante á praza e esta acredita o Celga 2.

Fontaneiro/a

O sistema selectivo será o de concurso de valoración de méritos, en virtude do disposto na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público. A puntuación máxima total establécese en 20 puntos.

1) Experiencia profesional: puntuación máxima: 12 puntos

- A) Por cada mes de traballo na categoría de peón fontaneiro no Concello de Padrenda como persoal laboral temporal, funcionario interino ou persoal indefinido non fixo: 0,10 puntos/mes. Valoraranse só os meses completos.
- B) Por cada mes de traballo nunha categoría distinta á de peón fontaneiro no Concello de Padrenda como persoal laboral temporal, funcionario interino ou persoal indefinido non fixo: 0,08 puntos/mes. Valoraranse só os meses completos.
- C) Por cada mes de traballo na categoría de peón fontaneiro noutras administracións públicas: 0,05 puntos/mes. Valoraranse só os meses completos.
- D) Por cada mes de traballo completo noutras categorías noutras administracións: 0,02 puntos/mes.

Os servizos prestados en xornada a tempo parcial valoraranse proporcionalmente, e desprezaranse as fraccións de tempo inferiores a un mes. Por isto, computaranse os días cotizados polos aspirantes na Seguridade Social e consideraranse un mes completo como trinta días cotizados, á hora de realizar a puntuación dos meses traballados.

A experiencia profesional na Administración local ou noutra administración pública acreditarase mediante presentación do modelo oficial de vida laboral actualizada e orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo ou certificado do concello ou administración pública. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2) Cursos: puntuación máxima: 4 puntos

Valorarase a formación nas materias relacionadas coas funcións propias do posto de traballo ao que se aspira, sempre que os cursos fosen impartidos por unha administración pública, un centro oficial de formación, universidades ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua, e segundo o establecido no seguinte baremo:

